



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XUÑO DE 2008

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Ana M^a Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez D^a Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D. José J. Vilsánchez Pazos. D^a Mercedes Grande Regueiro.</p> <p><u>D. Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos do día vinteseis de xuño de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ÚNICO DE FEROL DE 29-04-08 "AMENA-FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A."

Intervén o Sr Secretario manifestando, "se declara a firmeza da sentenza de 29-04-08, cuio fallo dí: "Desestimo o Recurso Contencioso Administrativo interposto pola procuradora Dna Carmen Corte Romero en nome e representación da entidade France Telecom España S.A. en relación coa desestimación por silencio do Concello de Ares do Recurso de Reposición interposto por France Telecom España S.A contra o Decreto do Concello de Ares de data 11 de enero de 2007 polo que se acordou:

Primeiro.- Clausura como medida cautelar a estación de telefonía Amena France Telecom España SA sita na finca Cova Bimbeiro, lugar de Loureiros. (...)

Terceiro.- Advertir ao interesado que caso de incumprimento, procederase ao precintado do Local asemade como exerce-la correspondente acción diante dos Ribunais competentes ó abeiro do artigo 556 do Código Penal (...) E Declaro que o Acto administrativo é conforme a dereito. Sen imposición de costas."

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA DE TENENCIAS E CUSTODIA ANIMAIS DE COMPAÑÍA.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr Rodríguez Doval: “Na Comisión Informativa do outo día xa valoramos non só como necesario senón coma moi positivo para a normalización e regularización do que é un verdadeiro problema a día de hoxe no noso Concello, polo tanto no fondo do acordo estamos de acordo e coincidimos coa redacción dunha ordenanza sobre a tenencia e custodia de animais, e nós coincidimos co texto da ordenanza no sentido de abrila porque efectivamente se restrinxía ao caso dos cans e a día de hoxe temos problemas con outros animais. De todas maneiras, nunha segunda lectura do documento vemos aínda algunhas cuestións que nos gustaría profundizar máis nelas e sobre todo contrastalas nun tema concreto como é o tema das sancións e contratatar esta ordenanza sobre todo no tocante ás sancións, para ver o que se está a aplicar noutros concellos da comarca, e polo tanto queremos facer un contraste sobre este punto e polo que sabemos o contido das ordenanzas e a cuantificación das sancións é bastante distinto ao que se aplicou aquí. Sabendo que hai unha parte grande do traballo feito, pedimos que se deixe o traballo sobre a mesa e se deixe para un vindeiro Pleno ordinario se non hai un extraordinario antes sobretodo xa digo para correxir ou cotexar algunhas cosas que dado o volume que ocupa a ordenanza e a necesidade de contratatala coas que hai na área comarcal a nós non nos deu tempo, e facemos a petición de que o tema quede sobre a mesa co compromiso de traelo ao vindeiro Pleno ordinario o máis traballado posible. Se non pode ser así a nosa posición vai ser de abstención reiterando que efectivamente salvo temas de redacción, contido e pulilo un pouco nos estaríamos maioritariamente de acordo coa proposta que se fai.”

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que bueno eu por marcar o posicionamento e dado que non entrei no debate, xa que non formo parte da Comisión Informativa, decir que a verdade todo o que se poda mellorar benvido sea. Fixen unha lectura da ordenanza aínda que non a estudei en profundidade e paréceme ben. O tema dos animais que andan soltos por todo o pobo, casco urbán, incluíndo praias penso que directamente estamos vendo tódolos días o estamos sufrindo e penso que todo o que sexa legislar e regular isto dalgún xeito e tratar de correxilo no posible, xa sabemos que esta é unha medida que temos que ter para regular todo este tipo de prácticas pero sabemos a dificultade que ten sancionar xa que hai perros abandonados, outros van sin o dono; non vai ser fácil para a policía local neste caso levar isto a bon fin, pero en liñas xerais estou de acordo coa ordenanza e por abundar un pouco no que dí o voceiro do BNG todo o que sexa mellorar a ordenanza paréceme ben, non sei se se van facer propostas neste sentido pero eu en principio vou votar a favor porque entedo que a ordenanza baixo o meu punto de vista está ben”.

Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: “Bueno eu decir que xa correximos algunhas deficiencias desta ordenanza que vimos na Comisión e que despois se nos deu unha proposta antes do Pleno á que faltarlle incluír o tema do acceso dos cabalos ás praias e parques. Concretamente habería que recoller algunhas cousas e facer mención a actividades puntuais que poda haber nos meses de verán ou noutras épocas do ano sobre cabalos ou cans e polo tanto habería que recoller estes supostos. Quero deixar claro que quedamos en Comisión de prohibir o paso aos cabalos no casco urbano ven recollido no artigo 6; prohíbese a circulación de Cans, Cabalos no casco urbán entre os meses de xuño a setembro e deberíamos facelo todo o ano agás cando haxa algunha competición xa que non se van recoller os excrementos se non se regula. Para nós está ben a ordenanza e con estas opuntualizacións a vamos votar a favor.”

Intervén O Sr. Alcalde manifestando: “En principio se non estendín mal, no artigo 6.2 dí: prohíbese a circulación e permanencia de cans, cabalos e outros animais nas praias do Concello



entre os meses de maio a setembro e ahí podíamos engadir: prohibíbase a circulación e permanencia de cans, cabalos e outros animais nas oprais nos parques e nos cascos urbáns do Concello excepto que teñan licenza, xa se dí noutro artigo, creo recordar que se somete á necesidade de licenza municipal as actividades con animais artigo 3, sen prexuízo do esixido nas demais lexislacións que sexan aplicables as actividades que seguen estarán suxeitas á obtención dunha licenza municipal nos termos que determinan de se-lo caso o Regulamento de actividades Molestas, Insalubres e Perigosos,... Centros hípicas, canceiras, centros ou agrupacións diversas, comecios, paxareiras, instalacióne teríamos que engador aquí o que sería a celebración eventos, con participación de animais. Entón no artigo 3, sometemos a licenza municipal un novo parágrafo que se someta á obtención de licenza municipal previo á celebración de todo tipo de eventos públicos con animais, e no artigo 6, prohibíbase a circulación e permanencia de cans cabalos e outros animais poñemos, nos parques, nas praias e nos cascos urbáns, e poñemos todo o ano ou entre os emses de maio a setembro xa que eu entendo que efectivamente poderían prohibirse só nos meses de verán.”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval: “Se pode ler a proposta que se está facendo”

O Sr. Alcalde-Presidente: “no artigo 3, se somete a licenza municipal a celebración de eventos con animais e no artigo 6 trátase de restrinxir a circulación de cabalos, cans e outros animais nos espazos públicos, onde hai nenos e xente maior e podemos poñer nos parques, nas praias e nos cascos urbáns”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval: “é imposible que os cans non anden polo casco urbán de Ares e se so é para cabalos está mal redactado.”

O Sr. Alcalde-Presidente: “Nos cascos urbáns é só para cabalos, que é a proposta do PP. Sometemos todo tipo de evento a licenza.

Os cans, cabalos e calquera animal non poden estar en parques e praias entre maio e setembro e os cabalos no casco urbán todo o ano.”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval: “nós de todas as maneiras pensamos que hai que melloralas; é difícil aplicalas; por exemplo no caso do uso do bozal para todos os animais, coa norma que estamos a aprobar aquí habería que poñerlle bozal aos perros máis pequenos.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente:”o do bozal o recolle a norma autonómica e esta ordenanza é de rango inferior.”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval: “Eu teño un can e sei como é o tema, pode crearnos un problema esixir o cumprimento desta ordenanza.”

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta: “Pode ser complicado cumprila pero esta normativa contempla moitos supostos, que podan ocorrer pero está dirixida basicamente a evitar o máis gordo, pero o que non pode ser e que os socorristas ante a presenza dun can na praia chamen á Policía e ésta lle diga que non poden facer nada, porque non hai ordenanza, e os socorristas quedaron nunha situación de non saber qué facer antes esto. Todo ten que testarse na realidade, pode ser que logo dun prazo de aplicar esta norma poda un grupo perder unha modificación e estamos en xuño e precisamos un instrumento mínimo para actuar este verán, e esa é a razón da urxencia e se están a celebrara eventos no parque Rosalía de Castro e todos temos cans e en inverno é igual pero o único que se sanciona é non recoller as deposicións dos cans e de non facelo, poder aplicar unha sanción. Con estas dous aportacións someter a licenza municipal todo tipo de eventos que inclúan a participación de animais e no artigo 6, prohibir a circulación e permanencia de cans, cabalos e outros animais nos parques, e nas praias do Concello entre Maio e setembro e as dos cabalos nos cascos urbáns todo o ano.¿De acordo.?”



Sometida a votación a proposta do BNG para deixar a Ordenanza sobre a mesa; o Concello Pleno por 2 votos a favor (2BNG), e 4 votos en contra do PSOE, e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL), acorda rechazala proposta.

Acto seguinte sometese á Votación a ordenanza coas modificacións anteriormente propostas nos artigos 3 e 6.-

O Concello Pleno por 9 votos a favor (4 PSOE, 4PP E 1 NAL), e 2 Abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación a presente Ordenanza a cal figura transcrita como Anexo no presente acordo:

ANEXO:

ORDENANZA REGULADORA DA TENENCIA, DEFENSA E CUSTODIA DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA

FUNDAMENTO E RÉXIME.

A Lei 1/1993, do 13 de abril, da Xunta de Galicia, desenvolvida polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, fixa as disposicións de carácter xeral que rexen sobre a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

Por outra banda, a Lei 50/1999, do 23 de decembro, publicada no Boletín Oficial do Estado número 307, do 24 de decembro, establece o réxime xurídico de posesión de animais potencialmente perigosos.

O Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.

Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a posesión de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

Co fin de definir, como complemento das anteriores disposicións xerais, aqueles aspectos que se consideren específicos na aplicación de tales disposicións neste termo municipal e facendo uso das facultades que veñen dadas polo artigo 6 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, apróbase esta ordenanza que entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e transcorrido o prazo regulamentario a que se fai referencia nos artigos 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A) Lexislación básica:

- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei xeral de sanidade de 1986.

B) Lexislación específica:

- Lei 1/1993, do 18 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.
- Cans guía: Real decreto 3250/83, do 7 de decembro.
- Núcleos zoolóxicos: Orde do 30-07-80; Decreto 1119/75, do 24 de abril.

C) Lexislación subsidiaria estatal:

- Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952.
- Regulamento de epizootias. Decreto do 4 de febreiro de 1995.
- Orde do 5 de decembro de 1974, que inclúe a lexislación anterior en materia de recollida de cans.
- Orde do 14 de xuño de 1976, modificada pola Orde do 16 de decembro de 1976.

TÍTULO I

Obxectivos e ámbito de aplicación

Artigo 1



1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer a normativa que regule as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os que conviven cos humanos como os destinados a actividades deportivas ou lucrativas, facendo compatible a coexistencia dos animais cos seres humanos coa prevención dos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.
2. Con tal finalidade, a ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un gran número de persoas e a axuda que poden prestar polo adestramento e a dedicación, como no caso dos cans guía, dos traballos de salvamento e de todos os demais en que os animais domésticos proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas e de lecer.
3. Quedan excluídos desta ordenanza porque se rexen pola súa propia normativa:
 - a caza, (agás os cans destinados a esta actividade),
 - a pesca,
 - a protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural,
 - os touros e espectáculos taurinos tradicionais,
 - a gandería entendida como cría de animais con fins de abasto,
 - os animais destinados ao traballo, a proporcionar pel ou algún outro produto útil,
 - cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do estado, corpo de policía da comunidade autónoma, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 2

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

- Animais de compañía: todo animal posuído ou destinado a ser posuído polas persoas, especialmente no fogar, para servir de lecer e como compañeiro.
- Animal abandonado: todo animal de compañía que non teña fogar ou non se atope no fogar do seu propietario ou posuidor e non estea baixo control ou vixilancia.
- Animal salvaxe en cativeiro: todo animal que, vivindo ceibe pola súa condición, fose obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
- Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos todos aqueles que, pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.
- Comercio de animais de compañía: o conxunto de transaccións practicadas de forma regular e con fins lucrativos que impliquen a transferencia de propiedade destes animais.
- Cría e custodia comercial de animais de compañía: a que se practica con fins lucrativos.
- Microchip ou transponder: cápsula portadora dun dispositivo electrónico que contén un código alfanumérico identificativo susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico.

Artigo 3

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, as actividades que seguen, estarán suxeitas á obtención dunha licenza municipal previa nos termos que determina, de ser o caso, o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas:

1. Os establecementos hípicas, sexan ou non de tempada, con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.
2. Os centros para animais de compañía destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente ou á subministración de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves ou outros cánidos destinados á caza e ao deporte, e que se dividen en:
 - Lugares de cría: para a reprodución e subministración de animais a terceiros.
 - Residencias: establecementos destinados a aloxamento temporal.
 - Canceiras deportivas: establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.



- Fatos: establecementos destinados a gardar animais para a caza.
- 3. Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:
 - Paxareiras: para a reprodución ou a subministración de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.
 - Subministradores de laboratorios: para a produción e a subministración de animais con fins de experimentación científica.
 - Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.
 - Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario, como peixes, arácnidos ou réptiles.
 - Instalacións dedicadas á cría de animais para aproveitamento da pel.
- 4. Se unha persoa física o xurídica ten dous o máis animais de compañía para criar con finalidades comerciais, deberá solicitar e obter a correspondente licencia das autoridades municipais.
- 5. A celebración de todo tipo de eventos con participación de animais.

TÍTULO II

Sobre posesión de animais

Capítulo I

Artigo 4

1. O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, será responsable dos danos, prexuízos e molestias que ocasione, excepto nos casos de forza maior ou culpa exclusiva do damnificado.
2. Con carácter xeral autorízase a posesión de animais domésticos de compañía nos domicilios particulares, estando condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias evitables para os veciños ou para outras persoas.
3. Con tal finalidade, desde as 22.00 ata as 8.00 horas prohibese deixar nos patios, terrazas, galerías ou balcóns, aves e animais en xeral que cos seus sons, ouleos ou cantos perturben o descanso ou tranquilidade dos veciños. No resto do día tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polos seus propietarios ou posuidores cando, de maneira evidente, ocasionen molestias aos ocupantes do inmóbel ou inmóbeis veciños.
4. Os propietarios ou posuidores de animais estarán obrigados a proporcionarlles alimentación abunda e axeitada ás características de cada animal.
5. O propietario ou posuidor dun animal estará obrigado a practicarlle as curas axeitadas que precise e a proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias que cumpran ou que, de ser o caso, a autoridade municipal e outros organismos competentes dispoñan.
6. Os animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei do 20 de decembro de 1952 de epizootias deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento axeitado e posíbel. De non haber tratamento deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda da consciencia. Este precepto será de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que ofrezan refuxio aos animais perdidos ou extraviados.
7. O número de animais que poden aloxarse en cada domicilio ou inmóbel poderá ser limitado pola autoridade competente con base en informes técnicos motivados e atendendo ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

Artigo 5

1. O posuidor dun animal salvaxe en cativeiro é responsábel da súa protección e coidado, así como do incumprimento das obrigas previstas nesta ordenanza.
2. A posesión de animais en cativeiro procedentes de importación precisa un informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal. Así mesmo, os animais que pertencen a algunha das especies recollidas no CITES, (Regulamento



3626/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1982, relativo á aplicación na Comunidade do convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres) deberán posuír o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.

3. Prohíbese a caza, captura, posesión, tráfico, comercio, venda e exhibición pública segundo o correspondente caso, tanto das especies adultas como crías, ovos e de todas as especies e subespecies ameazadas, independentemente da súa procedencia, salvo nos casos que regulamentariamente determine a autoridade competente.

4. Prohíbese a posesión de animais salvaxes perigosos para as persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

5. As medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta Ordenanza, así como as recollidas no artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, aplicaranse tamén aos animais salvaxes en cativeiro.

Artigo 6

1. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos. Non obstante, en restaurantes, bares, cafeterías e similares, a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio do dono do establecemento sempre e cando non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para os concorrentes, sendo o propietario do animal o responsábel dos seus actos.

2. Prohíbese a circulación e permanencia de cans, cabalos e outros animais nas praias do Concello entre os meses de maio a setembro e no caso dos cabalos faise extensible esta prohibición da permanencia e circulación nos cascos urbanos durante todo o ano, agás nos supostos recollidos no artigo 3 da presente ordenanza.

3. Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís ou naquelas outras zonas que o Concello determine atendendo ás súas dimensións ou réxime de usos.

4. Autorízase o traslado de animais nos medios de transporte público, sempre e cando se realice en cestas ou gaiolas. No caso dos taxis queda a criterio do conductor. Ambos os casos estarán sempre condicionados a que sexan sostidos polos seus donos de forma que non ocupen os asentos.

5. O transporte de animais en vehículos particulares realizarase de forma que non poidan perturbar a acción do conductor nin se comprometa a seguridade do tráfico e de acordo coas normas previstas no Código da circulación.

Artigo 7

En establecementos hoteleiros e pensións, a estadía de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade ou molestia para os residentes. O propietario dos animais é, en todo momento, responsábel dos seus actos e deberá presentar a súa identificación acreditativa perante calquera axente da autoridade que o requira.

O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados ou nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas ou similares, zonas de uso común de comunidades de veciños ou outras, estará suxeito ás normas que rexan nas ditas entidades.

Artigo 8

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 6 e 7 os cans guía que poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que estean acompañados polo seu dono e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevé na normativa sectorial aplicable.

Artigo 9



1. As persoas agredidas por animais darán inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias.

Artigo 10

1. Con carácter xeral nas vías e espazos públicos os cans deberán ir provistos de bozo e correa ou cadea. Exceptuarase desta obriga o suposto de zonas especialmente habilitadas polo Concello para o espallamento dos cans. Non obstante o anterior, os cans potencialmente perigosos circularán sempre con bozo, mesmo nas referidas zonas.

2. Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

Artigo 11

O contido do rexistro de animais potencialmente perigosos é o establecido no Decreto 153/98 do 2 de abril e Lei 50/1999 do 23 de decembro e Decreto 90/2002 do 28 de febreiro.

1. Os propietarios ou posuidores de cans están obrigados a identificalos mediante un implante electrónico antes dos tres meses de idade ou ao mes da súa adquisición.

2. O implante electrónico deberá ter as seguintes características:

* Estar pre-programado sen que permita a súa modificación posterior.

* O sistema ten que manterse operativo a temperaturas ata os 70° C.

* O código alfanumérico será único para cada animal, sen que poidan existir dous ou máis animais co mesmo código.

* A estrutura do código alfanumérico que incorporen deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.784.

* O sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e o lector deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.785.

* O tamaño será inferior a 12 milímetros de longo e 2,5 milímetros de ancho.

* Estarán dotados dun sistema antimigratorio e o seu recubrimento deberá ser biocompatíbel.

* Presentaranse individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluírá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

* A implantación no animal do código establecido será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto pola autoridade competente.

3. A morte, desaparición, cambio de domicilio ou transferencia de propiedade dos animais serán comunicados polos propietarios ou posuidores ao servizo correspondente dentro do período dos dez días seguintes a que se produzan.

4. O animal deberá ser identificado en presenza do seu propietario, figurando os seus datos nome, apelidos, enderezo, teléfonos de contacto e documento oficial de identificación e a súa sinatura no impreso oficial de identificación. Os responsábeis do rexistro e censo, despois de recibir a documentación remitida polo veterinario, no que constarán o nome, enderezo, número de colexiado, data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ó propietario, e no caso de animais potencialmente perigosos o número de veterinario colaborador, procederán a procesar os datos e enviarán ao propietario do animal o documento acreditativo da identificación.

5. Os datos dos propietarios gozarán da confidencialidade e reserva que establece a normativa vixente nesta materia.

6. Neste rexistro e censo levarase nota de: baixas, perdas ou traslados fóra do Concello así como cantos cambios se produzan na titularidade.

7. Rexistro e Censo Municipais poderán ser consultados por tódalas administración públicas e autoridades competentes, así como por aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten interés lexítimo nos datos que constan nel. En todo caso, o tratamento dos datos será acorde co disposto na L.O 15/99 de protección de datos persoais. Neste senso serán responsable dos ficheiros o Secretario Xeral do Concello ou persoa en quen delegue.



8. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición os datos contidos no Rexistro e Censo exercitaranse mediante á presentación da correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello.

9. Os datos do Rexistro e Censo Municipal, que constarán en soporte informático, deberán ser remitidos ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía no prazo máximo de 15 días contados dende o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

10. Todos os animais que figuren así inscritos, disporán da correspondente cartilla sanitaria na que constarán todos os antecedentes de identificación e sanitarios desde a súa primeira inscrición ata a morte do animal. Esta cartilla deberá estar a disposición das autoridades para súa comprobación cando fose requirido o posuidor para a súa presentación.

Capítulo II

Dos cans ou outros animais que conviven coas persoas.

Artigo 12

1. O posuidor dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta ordenanza.

Artigo 13

A vacinación ou tratamento obrigatorio dos animais domésticos será realizada polo órgano competente da Xunta de Galicia, con base na facultade prevista no artigo 9.1 da Lei 1/93, do 13 de abril.

Artigo 14

1. Exceptúanse do uso de correa ou doutro medio de suxeición, así como de bozo, os cans que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenvolvan as súas actividades no ámbito rural ou aqueles que se empreguen na caza no tempo e forma legal; os que en compañía dunha persoa responsable circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas ou forestais sempre que non concorra a presenza de terceiras persoas así como os cans guía de persoas con deficiencias visuais.

2. Queda absolutamente prohibido que os propietarios ou posuidores de cans, ou cabalos deixen as deposicións dos seus animais nas beirarrúas ou nas zonas de paso de peóns e, en xeral, en toda a vía pública.

3. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios ou posuidores dos animais e colocadas de xeito hixienicamente aceptábel nos colectores de recollida de lixo ou nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para este fin. Queda prohibido depositalas nas entradas dos sumidoiros.

Artigo 15

As persoas que utilicen cans para a vixilancia de predios, obras ou calquera outra propiedade, deberán cumprir coas condicións establecidas no artigo 20 da Lei 1/93 do 13 de abril e, en todo caso, daralles alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados. Así mesmo, deberán estar baixo a vixilancia e control do dono do inmóbel de forma que non poidan causar danos ás persoas, a outros animais ou ás cousas.

Advertirase en lugar visíbel a existencia dun can gardián.

Artigo 16

1. Compete ao Concello a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no termo municipal.

Capítulo III

Animais potencialmente perigosos

Artigo 17

Consonte o establecido no decreto 90/2002 do 28 de febreiro de 2002, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:



- a) Cans que tiveran algún episodio de agresión a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou a cousas.
- b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.
- c) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os pertencentes ás razas seguintes: Americano Stafforshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, os cruces destas razas entre si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.
- d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia e despois do informe dun adestrador ou veterinario designado para este efecto.

Artigo 18

Licencia para a posesión de animais potencialmente perigosos.

1. A tenza dos animais potencialmente perigosos requirirá a obtención previa dunha licenza administrativa outorgada polo concello, nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro e no artigo 3 do Real decreto 287/2002 de 22 de marzo.

A solicitude de licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos debe ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que acredite a maioría de idade.
- b) Certificado negativo de antecedentes penais expedido polo Rexistro do Ministerio de Xustiza no que non se indiquen condenas por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Certificado negativo de infracción administrativa expedido pola Delegación Provincial de Medio Ambiente de non ter sanción por infracción grave ou moi grave con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999 do 23 de decembro. Non obstante, no será impedimento para a obtención ou, de ser o caso, renovación da licenza, ter suspensións temporais anteriores desta, sempre que no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta estea cumprida integramente.
- d) Certificado expedido polos directores dos centros de recoñecemento que estean debidamente autorizados, no que se indique a disposición de capacidade física e aptitude psicolóxica para a posesión de animais potencialmente perigosos.
- e) Acreditación de formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a cento vintecinco mil euros (125.000 euros).
- f) Para a posesión de animais salvaxes en cativeiro potencialmente perigosos esixírase ademais unha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade.

2. Esta licenza deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención. Non obstante, a licenza perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de cumprir calquera dos requisitos do apartado anterior. Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo titular nun prazo de quince días, contado dende a data en que se produza ao órgano competente do Concello de Ares.

3. Os donos dos animais potencialmente perigosos subscribirán un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros,



aínda que fose cedido a outra persoa para o seu coidado. A constitución do citado seguro será requisito indispensable e previo para a identificación dos animais e inscrición no rexistro.

4. A licenza indicará o número, data de expediente, a validez, o nome, apelidos e DNI, o enderezo do titular e a fotografía recente deste.

5. Unha vez comunicado o outorgamento da licenza, concédeselle un prazo de 15 días para realizar a inscrición do can no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos.

6. A obtención da licenza para a tenza de animais salvaxes en cativeiro, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos especificados no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais. A dita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores ou medios que teñan acreditado no correspondente plano de estudos o coñecemento ou estudio de etoloxía animal.

Artigo 19

Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

1. Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, establecido con esta finalidade no Concello, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

2. Para a inscrición no rexistro, requiriranse os seguintes datos:

- Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, documento nacional de identidade e teléfono de contacto.

- Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, sexo, especie, raza, si é cruzamento de primeira xeración especificaranse as razas de procedencia, características externas.

- Número do microchip.

- Descrición da capa.

- Lugar habitual de residencia do animal.

- Función/aptitude do animal (compañía ou garda, defensa, caza).

- Certificado sanitario: expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

- Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.

- Copia da licenza municipal de tenza de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

3. O concello remitirá os datos do Rexistro municipal ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos nun prazo de 15 días, dende a súa inscrición.

Artigo 20

Obrigas dos posuidores de animais en materia hixiénico-sanitaria.

1. Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII e X.

2. O propietario, posuidor ou criador dun animal que agreda a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días



seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infectocontaxiosa.

Artigo 21

Obrigas dos posuidores de animais potencialmente perigosos en materia de seguridade cidadá.

1. Os propietarios, criadores ou posuidores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

2. As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica precisarán cumprir as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais. Todas as instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade:

a) As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixadas co fin de soportar o peso e a presión do animal, evitando as fuxidas.

b) As portas das instalacións deben ser resistentes e estar deseñadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirlles danos.

c) O recinto estará sinalizado coa advertencia de que se atopa no interior un animal potencialmente perigoso.

3. As instalacións en que se alberguen animais potencialmente perigosos deberán reunir as condicións establecidas na normativa sobre protección animal en Galicia, tendo en conta as especificacións técnicas correspondentes a cada especie.

4. Os animais potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa non extensíbel de lonxitude non superior a dous metros, provistos do correspondente bozo homologado e axeitado para a súa raza, e en ningún caso poderán ser conducidos por un menor de dezaseis anos.

Artigo 22

Excepcións no cumprimento das obrigas dos propietarios de animais potencialmente perigosos.

1. Cando as circunstancias así o aconsellen, poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas dos propietarios nos casos de:

a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.

b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético.

c) Probas de traballo e deportivas con fins á selección dos exemplares que participan nelas e que están autorizadas e supervisadas pola autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque, segundo o disposto no decreto 90/2002.

2. As establecidas pola autoridade competente en función do artigo 13.2 do Decreto 90/2002.

Capítulo IV

Dos cans e dos gatos abandonados.

Artigo 23

Queda absolutamente prohibido abandonar calquera clase de animal vivo, especialmente cans, sancionándose o feito como risco para a saúde pública.

Artigo 24

Considerarase can abandonado aquel que non teña dono coñecido e, en consecuencia, non estea censado nin identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza da persoa responsable.

Artigo 25



Sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de vacinación obrigatoria dos animais domésticos e tendo en conta o carácter voluntario de tal tratamento, aconséllase a desparasitación externa e interna (hidatidose), así como a vacinación de cans e gatos.

Capítulo V

Protección dos animais

Artigo 26

Quedan prohibidas con carácter xeral e con respecto a todos os animais de compañía as seguintes conductas:

1. Causar a súa morte agás en caso de enfermidade incurábel ou necesidade ineludíbel (co fin de evitar sufrimentos ao animal ante unha enfermidade incurábel) e sempre baixo control veterinario.
2. Maltratar ou agredir de calquera xeito aos animais, ou sometelos a calquera práctica que poida causarlles sufrimento ou dano non xustificado.
3. Desatendelos, non alimentalos axeitadamente, non limpalos, non sometelos a asistencia sanitaria, non aloxalos de acordo coas súas esixencias naturais ou deixalos no interior de vehículos pechados.
4. Encirralos contra as persoas ou de xeito que poidan danar as cousas.
5. Abandonalos, tanto na vía pública como en vivendas ou noutros lugares pechados ou deshabitados, soares e obras, na medida en que non sexan atendidos cumpridamente neses lugares.
6. Utilizalos en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades, se iso pode ocasionarlles sufrimentos, ou sometelos a condicións antinaturais, excluindo os espectáculos con regulamentación específica como resultan ser os taurinos.
7. Organizar pelexas entre animais ou encirralos a elas.
8. Exercer a venda de animais sen cumprir as condicións xerais sinaladas pola lei.
9. Exercer a venda ambulante de calquera animal, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados, e sen respectar as condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal e segundo a súa regulamentación específica.
10. Calquera outra conducta degradante que teña como vítima aos animais.
11. Queda expresamente prohibido, de acordo coa vixente lexislación, a posesión, exhibición, venda, compra o calquera outra manipulación con exemplares de fauna protexida, sexan vivos ou mortos.
12. Así mesmo os axentes da autoridade terán facultades para a confiscación dos espécimes a que se refire ou dos seus restos.

Capítulo VI

Das infraccións e sancións

Artigo 27

1. Os axentes da autoridade e cantas persoas precisen ou coñezan feitos contrarios ao establecido nesta ordenanza teñen o deber de denunciar aos infractores.
2. Os animais dos propietarios denunciados por causarlles sufrimento, por non os aloxaren en condicións hixiénicas e biolóxicas axeitadas, por desobedecer medidas dictadas pola autoridade municipal, por infraccións contra normas sanitarias ou por desprezo ás normas elementais de convivencia, poderán ser retirados polos axentes municipais.

Artigo 28

1. Para os efectos desta ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu abeiro.
2. A responsabilidade administrativa será esixíbel sen prexuízo do que corresponda no ámbito civil ou penal.
3. Nos casos de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os donos dos locais ou terreos en que se realicen, a título oneroso ou gratuío, así como terceiras persoas que dun xeito ou outro participen.



4. Consideráanse responsábeis das infraccións os que por erro ou omisión participaran na súa comisión, o propietario ou posuidor dos animais ou de ser o caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte en que se produciron os feitos e, neste caso, o encargado do transporte.

Artigo 29

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, atendendo a criterios de risco para a saúde e seguridade das persoas, grao de negligencia, gravidade do prexuízo producido e reincidencia.

Artigo 30

A tipificación das infraccións realízase de acordo coa Lei 50/99 do 23 de decembro e a Lei 1/93, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

1. Tipifícanse, xa que logo, como infraccións leves:

- Maltrato a animais que non lles cause dor.
- A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- A doazón de animais de compañía como premio.
- Non manter os animais en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- Mantelos en instalacións non axeitadas.
- Non facilitarlles a alimentación axeitada ás súas necesidades.
- Utilizar animais en traballos que os inmovilicen, causándolles dor.
- Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
- Posuír un can non censado nin identificado consonte o previsto no artigo 11 desta Ordenanza.
- Sacrificar animais en lugares públicos.
- Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública ou espazo público.
- Ocasionar molestias á veciñanza por incumprimento do establecido nos artigos 4.2 e 6.
- A entrada e permanencia de animais en locais dedicados á manipulación de alimentos.
- A circulación e permanencia de animais nas praias do Concello durante a tempada de verán (de maio a setembro, ambos inclusive), así coma nos parques infantís (artigo 6.3 da presente)
- Abandonar na vía pública ou espazo público cadáveres de calquera especie animal.
- A infracción do establecido no artigo 10.1 desta ordenanza
- Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non veña tipificada como infracción grave ou moi grave.
- As contempladas como infraccións leves no artigo 13.4 da lei 50/99.

2. Son infraccións graves:

- Maltratar animais causándolles dor.
- Mutilalos sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- Abandonalos.
- A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a saúde, agás cando sexa por prescrición facultativa.
- Non vacinar ou non administrar algún tratamento obrigatorio aos animais.
- A venda de animais enfermos, agás que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- Ter animais perigosos sen as medidas de protección que estean fixadas.
- Incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.
- As contempladas como infraccións graves no artigo 13.2 da lei 50/99.



- Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infraccións leves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo ca outra anterior no prazo do ano posterior á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

3. Son infraccións moi graves:

- Maltrato a animais causándolles a morte.
- A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosas coñecidas.
- A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.
- As contempladas como infraccións moi graves no artigo 13.1 da lei 50/99.
- A reiteración en faltas graves.

Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe tal reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo cá que motivou unha sanción anterior no prazo dun ano seguinte á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 31

1. Consonte o establecido na Lei 1/93, do 13 de abril, as infraccións indicadas no artigo anterior serán sancionadas coas multas que seguen:

- b. As leves, de 30,00 a 300,00 euros.
- c. As graves, de 300,01 a 3.000,00 euros.
- d. As moi graves, de 3.000,01 a 15.000,00 euros.

2. Consonte ó establecido na lei 50/99 de 23 de decembro, as infraccións indicadas no artigo anterior que se refiran a animais potencialmente perigosos serán sancionados coas seguintes multas:

- a. As leves, de 150 a 300 euros
- b. As graves de 300,01 a 2.400 euros
- c. As moi graves, de 2.400,01 a 15.000 euros

Artigo 32

Ademais das multas a que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- a. Peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos.
- b. A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais.
- c. A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono, para calquera tipo de infracción.
- d. No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 33

Para a gradación das multas ou determinación do tempo de duración da clausura a que fai referencia o artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A transcendencia social ou sanitaria ou o prexuízo causado pola infracción.
- O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
- A importancia do dano causado ao animal.
- A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

Artigo 34



O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrucción do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e noutras disposicións regulamentarias que regulen o procedemento administrativo sancionador.

Artigo 35

Ao abeiro do disposto na Lei do parlamento galego 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e o Decreto 153/98, do 2 de abril, que a desenvolve, a imposición das sancións previstas corresponde:

- Ao Alcalde, para as infraccións leves.
- Ao Director Xeral de Conservación da Natureza, para as infraccións graves.
- Ao Conselleiro de Medio Ambiente para as moi graves.

Artigo 36

As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribíran, no caso das leves aos seis meses, das graves aos doce meses e das moi graves aos dous anos.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do acordo plenario de aprobación definitiva.

PUNTO 3.- APROBACIÓN ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE 17 DE ABRIL DE 2007 SUSCRITO ENTRE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y LA ADMINISTRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA, PARA A IMPLANTACIÓN DUN MODELO INTEGRADO DE ATENCIÓN AO CIUDADÁN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA.

Dada conta do convenio Marco de 17 de Abril de 2007 suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia, para a implantación dun modelo integrado de atención ó cidadán no ámbito territorial de Galicia do seguinte teor literal:

“Visto el Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Administración de la Xunta de Galicia, formalizado el 17 de abril de 2007 publicado en el Boletín Oficial del Estado de 5 de julio de 2007 (número 160) y en el Diario Oficial de Galicia de 6 de julio de 2007 (número 131).

Visto que dicho Convenio tiene su base jurídica en el Acuerdo de Consejo de Ministros de 15 de julio de 2005, publicado por Resolución de 19 de julio de 2005, de la Secretaría General para la Administración Pública, para la implantación de una red de oficinas integradas de atención al ciudadano en colaboración con las Comunidades Autónomas y las Entidades que integran la Administración Local (BOE de 3 de agosto).

Visto que dicho acuerdo configura una red de espacios comunes de atención al ciudadano que supondrá en el futuro el que los ciudadanos puedan acceder a un creciente número de servicios normalizados de presentación de documentos, información y gestión de trámites y procedimientos.”



Intervén o Alcalde Presidente para explicar que se trata dun avance do que era o portelo único, cambia o modelo pero é seguir co proceso de ventanilla única pero adaptado ao que é o Convenio do Estado e Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

1. Aproba-lo Convenio Marco suscrito entre A Administración Xeral do Estado e da Administración da Xunta de Galicia, formalizado o 17 de abril de 2007.
2. Solicitar a adhesión do Concello de Ares o referido Convenio Marco.
3. Nomear a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, como representante do Concello de Ares para asinar el protocolo de adhesión.”

PUNTO 4.- RECOÑECEMENTO COMO BEN PATRIMONIAL DOS BENS CEDIDOS POLO CLUBE NUMANCIA SDR.

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que estamos escriturando o que é a cesión das instalacións deportivas do Numancia onde se fixo unha inversión con fondos públicos e é unha esixencia do Notario, que esixe aprobar polo Pleno a adquisición deste ben patrimonial e é aos efectos de escriturar para posterior inscrición no Rexistro da Propiedade. Se abre un turno de intervencións. Se non hai intervencións, procedemos á votación do recoñecemento como ben patrimonial dos bens cedidos polo clube Numancia SDR.”

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS

A) ACORDOS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA MOCIÓN REMITIDA POLO CONCELLO DE PONTEDEUME SOBRE A GRATUIDADE DA AUTOPISTA DO ATLÁNTICO A9 NO TRAMO FENE-MIÑO.

Intervén o Alcalde Presidente: “Temos dúas Mocións:

1ª.- A primeira é unha remitida polo Concello de Pontedeume e que insta ao Concello de Ares a acordar a adopción dunha petición sobre a gratuidade da autopista A9 no tramo Fene-Miño o cal beneficiaría tamén aos Aresáns, xa que dende o tramo Fene-Miño estarían incorporados os desprazamentos que neste momentos se cobran tanto a Pontedeume como a Miño, a Moción remitida é do seguinte teor literal:

“GRATUIDADE DA AUTOPISTA DO ATLÁNTICO NO TRAMO FENE-MIÑO.



Resulta un mal endémico a situación do tráfico en Pontedeume. A construción do tramo da Autopista do Atlántico A-9 nos tramos dende Fene a Miño non solventou, como xa se prevía nun principio, este histórico conflito, e lonxe de ser unha solución definitiva o problema foise complicando co paso do tempo. Os condutores que queren atravesar a Vila de Pontedeume, -paso obrigado, senón se circula pola A-9, para moitas violas e cidades galegas-, deben soportar longas caravanas non soamente na época de verán, senón tamén en épocas puntuais do ano.

O Ministerio de Fomento vai iniciar nos próximos días na Travesía urbana de Pontedeume, a construción de dúas rotondas na ponte e no comezo da Avda de Ricardo Sánchez. As previsións da Demarcación de Estradas son de que a falta de fluidez no tráfico continuará e, consecuentemente, as retencións quilométricas dende Cabanas serán frecuentes como ata agora.

Todos os sectores implicados, -comerciantes, partidos políticos, sindicatos, colectivos veciñais, concellos afectados e técnicos- coinciden en sinalar en que a solución definitiva para por liberalizar a peaxe da autoestrada no tramo Fene-Miño e a construción dun acceso ao polígono de Vidrieiro (proetido polo Ministerio de Fomento antes da construción do tramo da A-9 por Pontedeume); liberalización que ten producidos óptimos resultados na circulación: A Coruña-Barcala ou Fene-Ferrol como antecedentes máis inmediatos.

PROPOSTA DE ACORDO DO PLENO DO CONCELLO.

PRIMEIRO.- solicitar do Goberno Central a supresión da Peaxe da Autoestrada do Atlántico A-9, no tramo Fene-Miño como medida que evite as retencións de tráfico na estrada N-651.

SEGUNDO.- solicitar a construción dun acceso dende a Autoestrada ao Polígono de Vidrieiro, sito en Andrade, Pontedeume.

TERCEIRO.- remitir o presente acordo aos Concellos próximos afectados, interesando o seu apoio á supresión da peaxe no tramo citado, como medida que contribuiría a unha maior fluidez no tráfico rodado”

2ª.- A segunda Moción a presenta o BNG relativa á proposta dun plan integral de reparación e mantemento do conxunto da rede viaria municipal.

Comenzamos pola primeira e tedes todos os grupos a documentación do pleno e ábrese un turno de intervención.”

Intervén o Voceiro do NAL.- “Eu moi breve, estou de acordo coa proposta que se trae a través de Moción, avalada polo acordo Plenario do Concello de Pontedeume, e polo tanto todo o que sexa beneficiar aos veciño como ben dixo o Alcalde, aos cidadáns de Ares esta mellora tamén lles vai repercutir pois estou de acordo e vou votar afirmativamente.”

Ten a palabra o Voceiro do BNG.- “Nós vamos votar favorablemente e pedimos unha relectura da Moción e penso que por sintonía co que acordou o Concello de Pontedeume hai que facer un cambio ao respecto do epígrafe que ven sinalado aquí e vemos se ledes a Moción que varía o epígrafe da Moción. Hai dúas cousas unha primeira que é unha petición histórica do Concello de Pontedeume que é un enlace lóxico de entrada ao Polígono de Vidrieiro, e despois a supresión do tramo que vai ata o Concello de Fene. Vedes que logo finalmente se acorda (somos partidarios de manter o acordo) que hai unha petición que é a primeira que aproba Pontedeume que é Solicitar un acceso dende a Autoestrada ao Polígono de Vidrieiro, e solicitar a supresión do peaxe Fene-Vidrieiro, e non Fene Miño, e hai varios grupos que din que non é lóxico meter ao Concello de Miño neste tema xa que o fundamental para os concello que estamos nesta área é pedir que houbera saída a Vidrieiro e logo que estivera libre de peaxe a Fene, a nosa postura vai ser coincidente coa proposta adoptada polo Concello de Pontedeume, e é evidente que hai un



compromiso dende hai máis dunha década para unha solución de enlace do polígono de Vidriero e isto tería que estar conectado coa gratuidade dos últimos tramos de peaxe, como ocorre tamén en Rande. Aínda que todos sabemos que efectivamente o último tramo que quedou libre foi consecuencia dun compromiso económico con Audasa para que xestione por 25 anos máis o servizo a Ferrol.

Concretamos, en Vidriero vai haber un polígono perto e que hai que darlle saída á autopista e a peaxe debería de desaparecer, somos favorables ao acordo tal e como o ten aprobado o Concello de Pontedeume, e facemos esta concreción xa que o titular do punto dí ata Miño, e isto sería ata Vidriero.

O máis interesado en que se faga a conexión con Vidriero é o Concello de Pontedeume e cunha saída próxima que lle evitaría moitos problemas sempre coas caravanas, e os colapsos. Somos favorables ao acordo tal e como o tomou o Concello de Pontedeume na sesión do mes de abril que é a que nos mandan a nós.”

Ten a palabra o voceiro do PP.- “Eu creo que aquí hai dous cousas importantes.- librar o peaxe a Pontedeume e desconxestionar o punto negro que temos sempre en Pontedeume, e nos o vamos a aprobar así para quitar o tapón de Pontedeume que dende fai moitos anos vimos sufrindo.”

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente: “Procedemos á votación da Moción, sería unha adhesión, tal e como puntualizou o voceiro do BNG á Moción remitida polo Concello de Pontedeume tal en como veu remitida.”

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

B) MOCIÓN DO BNG, RELATIVA A PROPOSTA DUN PLAN INTEGRAL DE REPARACIÓN E MANTENEMENTO DO CONXUNTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL.

Dada conta Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG que seguidamente se transcribe:

“MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES

Desde hai varios anos, o BNG leva chamando a atención sobre a necesidade de que o Concello de Ares asuma como unha das súas prioridades a realización dun **Plan Integral de reparación e mantemento no conxunto da rede viaria municipal**, tanto as rúas que corresponden á zona urbana como aos camiños das diversas parroquias do noso término municipal.

Esta demanda –concretada en numerosas iniciativas presentadas polo noso Grupo Municipal no Concello- partía da evidencia que supoñía o progresivo estado de deterioro do viario municipal debido non tanto aos efectos do paso do tempo, senón fundamentalmente á falta dunha acaída política de investimento nos ornamentos municipais que permitise atender un nivel mínimo de mantemento e conservación.

Ademáis, deste progresivo deterioro daba conta tamén un informe elaborado hai poucos anos pola Deputación Provincial de A Coruña en colaboración coa Universidade- que podemos considerar practicamente en vigor, á vista do pouco que se ten feito – no que a respecto da situación viaria municipal concluíase o seguinte:

Vías inspeccionadas 152

Vías consideradas en situación boa 39

Vías consideradas en situación regular 32

Vías consideradas en situación mala 81

En conclusión: máis dun 74 % das vías municipais estarían en estado deficiente



Precisamente, no debate dos ornamentos para este ano, o BNG puxo en evidencia novamente que a consignación económica feita dende o equipo de goberno –pouco máis de 95000 euros para o mantemento da rede viaria municipal –era totalmente insuficiente para as máis que evidentes necesidades. Pero é que, ademáis, representantes do propio equipo de goberno teñen recoñecido que só a actuación singular na Rúa da Paz suporía un investimento de 150000 euros (arredor dos 25 millóns das antigas pesetas).

É evidente, pois, que o goberno municipal ten unha débeda co consento das persoas que utilizamos os viais municipais –sexa como peóns ou conductores de vehículos –no tocante ao mantemento e conservación das mesmas en condicións de mínima dignidade. Por iso precisamente, desde o Grupo Municipal do BNG solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que por parte dos servizos técnicos municipais se proceda á elaboración dun informe sobre a situación actual da rede viaria municipal, ben no caso das rúas urbanas ou dos camiños dos núcleos rurais.
2. Que á vista do devandito informe se elabore un plan urxente de actuación no consento dos viais, partindo das prioridades que se fixen en función do nivel de deterioro que se reflicte no punto anterior.
3. Que co obxecto de dotar economicamente esta actuación con carácter prioritario, se proceda a tramitar o oportuno expediente de modificación de créditos para atender no presente exercicio unha primeira fase da mesma.
4. Que de cara aos ornamentos do 2009 se inclúa nos mesmos a partida suficiente para atender as necesidades urxentes en materia de conservación e reparación dos viais municipais.”

Para a exposición e defensa da mesma ten a palabra o voceiro do BNG.”

Intervén o Sr Rodríguez Doval: “Partindo da base de que o que se ve non se esconde, como dí o refrán, e tampouco vamos dar aquí unha lección maxistral sobre o estado da rede viaria do Concello, en todo caso enmarcar esta proposta na reiteración de algo que xa vimos dicindo dende hai tempo, nesta corporación e coas anteriores, que é que o noso Concello ten unha rede viaria de competencia municipal moi ampla, bastante antiga e como é evidente o conxunto da rede municipal se tivesemos que facer unha media, e tecnicamente fíxose cando se elaborou un estudo da situación no conxunto dos Concellos da provincia da Coruña, onde no caso do noso Concello dun total de 152 vías inspeccionadas: 39 estaban en estado boa, en situación regular 32, e en situación mala 81, é un estudo feito pola Deputación da Coruña e a Universidade e non sometido a interpretacións políticas nen partidarias.

¿Qué por qué vimos a día de hoxe outra vez con esta Moción?, pois ben no debate dos orzamentos do ano 2008 e por limitarnos ao que compete a esta nova corporación, fixemos fincapé na exígua cantidade que figuraba nesa partida de 95000 € que figuraba inicialmente para o ano 2008, como unha partida cativa e moi insuficiente para atender o conxunto das necesidades do Concello. Máis alá de todo isto, e por aquí vai o primeiro punto do acordo da Moción que traemos, nós creemos que este é un tema de primeira magnitude, pensamos que a cidadanía que paga os seus impostos, o seu imposto de Circulación, ou ben como peóns ou ben como conductores de vehículos, deberíamos de contar e ter unhas vías en mínimas condicións, e naturalmente non está sendo así.

A rede viaria tamén ten un papel de relación entre as persoas, entre veciños e polo tanto é igual que se dixo para outros servizos, para nós é unha necesidade de primeira magnitude, e hai que atendela con decisións políticas de primeira magnitude; neste sentido, o que queremos é que por



parte dos servizos técnicos se elabore un plan detellado no que quede o esqueleto ou radiografía dos viais municipais, e naturalmente ordenados por necesidades de atención.

Haberá que ver se nunha segunda actuación se complementa. Pode ser para varios anos ou anualidades pero é evidente que temos que tomarnos isto coma un acordo político e un compromiso económico, e logo xa no terceiro punto o que queremos é que se proceda para començar por este ano, nos quedan 6 meses de exercicio presupostario, que se vaia tramitando ou se practique o oportuno expte de modificación de créditos para esa partida que inicialmente se preveía que a todas luces é insuficiente, que se amplie e en función do documento técnico que se elabore, para nós o máis importante porque vai ser a guía e que se faga unha actuación de carácter urxente no mantemento e conservación da rede viaria e no cuarto punto, nós queremos un compromiso que se materializará coa aprobación do orzamento do 2009 de que este tema o vamos incluír como prioritario cunha partida económica suficiente para os orzamentos do vindeiro ano; pensamos que este é un tema de primeira magnitude, a actuación nos viais municipais non é secundaria e polo tanto dentro dunha programación que se considere como urxente e como prioridade política entendemos nós que cómpre, que é urxente que se leve a cabo este plan urxente que nós denominaríamos plan de choque no conxunto da rede viaria municipal en función das prioridades que cada vial manifeste no estudo que fagamos.

Pedimos o voto favorable, é comezar un proceso non é de hoxe para mañá, pero é para un aval político unha decisión que na medida que salga do Pleno, pois vinculará máis alá dunha petición individual que se poda facer porque será un acordo do máximo órgano que é o Pleno.”

Ten a palabra o voceiro do NAL. Intervén o Sr Luís Cendán: “decir que aínda que no fondo da Moción estou de acordo e tamén sabemos das dificultades que se atopan sobre este tema e que xa tratamos no debate dos orzamentos sobre a prioridade de dotar unhas ou outras partidas, se ben dicindo, aunque sí sabemos que os recursos deste Concello son moi limitados.

Facer un Plan que me parece ben dos camiños, todo isto creo que nos vai axudar á hora da inversión, de telos adecuadamente no posible, pero eu sei que vai quedar escaso, xa que a situación real dos camiños do Concello son de riego asfáltico e cando ven o inverno, coa edificabilidade que se está dando, os camiños se destrozan a non ser en asfalto quente, pero a maioría son en riego asfáltico, e incluso houbo camiños que aos quince días de asfaltalos dado o tráfico que soportan, se destruxeron.

O ideal sería dotar este proxecto que se fala aquí de procurar no futuro facer unha aposta máis diría eu, máis acertada no sentido da duración dos camiños e ir en vez de riego asfáltico, ao aglomerado. Decir por outro lado salvando estas cuestións que acabo de comentar decir que si por outra parte se podía axilizar no posible arranxar baches que estamos sufrindo diariamente e que cos medios dos que dispón o Concello se poderían subsanar dun día para outro.

Hai zonas por exemplo o outro día no Pleno se comentara que na rúa da Paz hai catro baches que sí sabemos que é necesario arreglar todo o vial, pero sabemos que levando aglomerado, habendo como hai existencias no Concello e tapar un bache se pode facer e dar solución a ese tema. Decir que a limitación presupostaria nos limita moito á hora de ter os camiños como todo o mundo desearíamos pero eu quero acentuar este tema que hai temas que podemos salvar con actuacións pequenas con medios propios do Concello.

E outra chamada de atención sobre que estamos no mes de xullo, coas temperaturas altas encima, coa maleza dos camiños crescendo por riba do que tiñan na actualidade, os camiños practicamente están pechados e eu pediría que á maior brevidade posible se poña efectivo o servizo aínda que sexa polas tardes e tratar de evitar os problemas da maleza nos camiños. Vou votar favorablemente á Moción, sei das dificultades económicas que isto nos traería e a maiores eu pediría que dentro do estudo que se faga tratar o tema de que se poña aglomerado quente nos camiños e non riego asfáltico por ser un parche para uns días. Polo tanto con estas salvedades que acabo de dicir o meu voto vai ser favorable á Moción.”



Intervén o Sr Manuel Cendán: “Bueno, nós nos últimos Plenos viñemos demandando que por parte do Concelleiro da área se viñeran facendo actuacións puntuais en camiños que practicamente están pechados. Estamos de acordo cos catro puntos da Moción pero hai que ser responsables e como ben se dí na Moción o Concello de Ares ten 152 viais e xa se falou das dificultades económicas que temos e para acometer isto, xa se fala no 1º punto de que os servizos técnicos do Concello se faga un estudo, eu teño que dicir sobre este punto que encargar isto aos servizos técnicos municipais íamos colapsar o servizo técnico e deberíamos encargalo a unha empresa de enxeñería e non encargalo xa aos técnicos municipais porque sería obstaculizar o servizo e quitarlle eficacia, e logo no tema da actuación económica hoxe por hoxe se poden facer actuacións pequenas, hai unha partida e o máis urxente é en camiños cortados e xa poñerse máis á obra co que se pode facer dende o Concello e posteriormente hai que ser responsables e 152 actuacións non se van facer nun ano, dous nin tres e hai que priorizar outros servizos no Concello. Isto hai que facelo pero primeiro son outras cousas, hai que facelo pero os medios que ten o Concello son os que son, e debemos ser responsables cara o presuposto do 2009 e podemos meter unha partida pero non facer unha grande inversión e deixar pendente outras cousas. Vamos votar a favor a Moción pero no 1º punto habería que cambiar o tema do estudo e encargalo a unha Enxeñería, que pode ser Ceinsa ou Proyfe, sería máis efectivo e mellor.”

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente: “No que se refire á posición do grupo socialista, efectivamente a situación é a que hai é evidente que temos vías municipais que están nunha situación que sixe unha reparación e outras que hai que conservarlas para evitar máis deterioro.

Todo isto resulta moi difícil e boa parte dos deterioros, veñen motivados pola circulación de camiós vinculados a determinadas actividades económicas no noso Municipio e se tería que ter dalgún xeito contemplada esa realidade coa esixencia de fianzas e avais e a comprobación do estado do vial antes e despois das obras e esixir a un constructor que pague o que rompa e facer unha política que efectivamente ten que instaurarse pouco a pouco nas prácticas do Concello e non é dun día a outro, non só é reparalas senón tomar medidas para que como dixo Luís, logo de repararse non volten estar rotas en 15 días e non den ao traste cunha inversión de fondos públicos. Por elo penso que isto é máis complicado que efectivamente isto esixe unha actuación global ante esta problemática, todos sabemos que destrózan os camiños fundamentalmente, hai camiños que se deterioraron polo paso do tempo pero tamén existen actuacións que non son tan antigas e que efectivamente por esa actividade dos camiós pesados pois sufren un deterioro que non é razoable polo transcurso do pouco tempo da súa adecuación, entón a Moción polo que se refire á exposición de motivos creemos que dalgún xeito non ofrece neste senso os suficientes datos sobre estas vías, das 152 vías inspeccionadas 39 estaban en estado bon, en situación regular 32, e en situación mala 81, en mal estado non sabemos cales son, nin baixo cales criterios se xulgaron, e sí esta situación existe pero votar favorablemente unha exposición de motivos onde os datos non son obxectivos porque unha vez que se fai este traballo podía terse xuntado á Moción cos viais en mala situación (81) e así saber cales son.

Dalgún xeito teríamos datos contrastados para estar de acordo con esta exposición, xa que nel fanse afirmacións e non se xuntan datos obxectivos en función de qué é bon, regular, malo e esas 81 en situación de mala nós temos avances dos Servizos de Urbanismo e non son 81. Tampouco isto deixa de ter maior ou menor interese simplemente sería votar ciegamente unha exposición de motivos respecto da cal non nos dá datos reais.

Hai unha situación real que hai camiños que están mal, agora que sea como vostede dí non hai datos obxectivos na Moción para dar esta Información e polo que se refire aos acordos, estamos de acordo co punto nº 1, de que sexa unha enxeñería a que faga un estudo e así será máis obxectiva, de se-los servizos municipais pode valorarse que están menos mal do que están ou máis subxectivo, o pode facer unha enxeñería sobre datos reais e en consecuencia non temos nada que obxectar á



proposta do PP e ao igual que NAL no nº 1. En cuanto ao nº 2, estamos de acordo de que en función dese onforme se elabore un plan urxente. No nº 3, efectivamente é un punto que dalgún xeito olvida que os Concellos non están solos para facer actuacións e un Concello como o noso de 5400 habitantes poden chamar ás portas de deputación, da Consellería de Medio Rural, coa que xa tivemos un convenio, en virtude do cal se fixeron actuacións en numerosas vías e aspiramos a renovalo e nese sentido tamén pola Deputación que ten Plans que está claro que tamén é certo que se poden conxugar coa política municipal, e se consensou con todos os grupos que coas dimensións que temos, ningún Concello se enfrenta a un plan para melloras dos viais solo, sen axudas, aínda que co obxectivo de dotar economicamente esta actuación con carácter prioritario, é convinte xestionar axudas noutras administración, fundamentalmente na Consellería de Medio Rural e na Deputación.

Hai camiños deteriorados pero aquí se actuou en Coitelada, no campo de Fútbol en Redes, en todos os camiños de ámbito Rural por parte dos Voceiros a diferentes Plenos se falou de cómo ían as reparacións en Cervás, Camiño de Pedrós, se actuou en moitos camiños e neste periodo a min me toca como Alcalde, coñecer estas actuación e se estaba actuando en camiños rurais varios (cementerio, coitelada, campo de fútbol...) aquí se están facendo cousas e é inxusto que a Moción non recolla que se están facendo cousas. Eu non teño que ocultar cousas coma cousas que deixou o goberno anterior, como o Convenio con Medio Rural que o asinou o goberno anterior, e é inxusto non recoñecer que só en coitelada se gastaron 25 millóns de pesetas, e o Convenio con Medio Rural, que hai que decirlle a Merdio Rural que renove o Convenio con Ares que saíu moi be, e por suposto no punto 4, cómo non van contemplar os ornamentos do 2009 estas actuación, por iso digo que si se acerpta dalgún xeito o espírito de que nesta Moción se recoñeza que se fan cousas, que se fixeron polo goberno anterior, eu me atopei como Alcalde co camiño de Pedrós arraxado, claro que se están facendo cousas, se actuou en Coitelada, no campo de Fútbol, como xa dicen e en máis camiños.

Se se recolle que no nº 1 que sexa unha enxeñería, o 2 como está o 3 que se mencione a outras Adminisdracións e o 4 como está, o grupo socialista votaría tamén a favor.”

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval, voceiro do BNG: “Nós traemos aquí unha Moción non para decirlle ao Goberno o ben que o fai, se non para explicar un problema e ofrecer unha solución, primeiro, se detecta o problema ou non se detecta, eu pola intervención do Alcalde non se detecta o problema, o único que dí e dos camiños que se fixeron, estamos ben, a maioría destes camiños son novos non os camiños que se repararon, a nosa Moción pide que o Concello dispoña dun documnto que non se sabe cando se vai acabar na práctica pero sería unha guía que permitiría cada ano ir acometendo melloras según se poda, en función das necesidades detectadas no documento técnico, a mín dame igual que sexa unha constructora a que faga o estudo, pero se estamos a decidir que non hai cartos e por outro lado temos uns servizos técnicos que levan 5 meses sen informar unha licenza de obra maior ao mellor cun estudo que teñen e logo me referiréi a él porque eu pensei que se coñecía pero lamento que non se coñeza, pero en todo caso os servizos técnicos poden facer ese traballo perfectamente, que o Concello prefere pagarlle a unha empresa a mín eme igual ese non é o noso debate e nós pensamos que co documento elaborado hai 5 ou 6 anos pola Deputación e coa actualización dese documento dende os servizos técnicos municipios pode facerse unha radiografía de onde hai que actuar, entón, si se detecta o problema é cando pode haber un grado de vontade de política para que se leve a cabo, e se non hai vontade en todos os puntos se ven problemas.

Eu son consciente do que se dixo aquí pero isto é un arma de dobre fío pero efectivamente os últimos camiños que se arrancaron no Concello os fixo a Consellería de Medio Rural e me refiro ao que vostede dixo, Medio Rural non vai estar todos os anos facéndolle os camiños ao Concello de Ares porque a competencia á do Concello en materia de rede viaria, Medio Rural lle poderá axudar ao Concello de Ares a facer algunhas actuacións, onde estamos nós dicindo que non se faga, non, o



que estamos dicindo é que é irrisorio e soa a pouco sensible coa realidade que o Concello diga que existe un problema que unha actuación, e o dixo o voceiro do PP, seguramente hai moitísimo tempo, e que nos digamos que pretendemos facer esa actuación con 95000 € porque o propio Alcalde recoñeceu nunha Comisión que só actuar na rúa da Paz levaría 25 millóns de pesetas, e decir o que temos nos presupostos non chega nin para a rúa da Paz e esta rúa non a pode facer a Consellería de medio Rural, nin a rúa Real, entón se vostede cree que pode acollerse aos Plans da Deputación para isto, pois inclúaos ahí.

Nós non estamos en desacordo con isto, dicimos que o primeiro é o documento, e con esa guía nós estamos dicindo que hai que aplica-la sensatez e non decir oía, amañe cos cartos do Concello todos os camiños, non se trata diso, hai que ter o documento xestionar o documento e iremos co diñeiro noso e co de outras administracións, insisto có do diñeiro noso, xa que as administracións co tempo que corre imos ter habas contadas, eu pido 4 millóns de euros a unha administración se eu poño 1 polo menos, non podo chamar á Deputación, á Consellería de Medio Rural e á de Sanidade e pedirilles que me amañen os camiños. Entón cando falamos de facer un expediente de modificación de crédito creemos que é un xesto non lle puxemos que se poña todo o diñeiro necesario para facer todas as actuacións senón que se complemente unha partida de 95000 € que a todas luces é insuficiente. Ó voceiro do NAL se lle foi un pouco, pero o riesgo asfáltico do que falaba non é o riesgo humano, e que en zoa urbana hai lugares que é impresionante como os temos.

Non só falo de camiños, falo de rúas; hai un tramo da rúa Real, saída do Pobo, importante para Ares, que está clamando ó ceo, ahí pouco vamos obter de aportación das empresas constructoras que a maioría xa construíron, no debate que tivemos co tema do Mazote se viu que a maioría das fianzas que teñen as empresas presentadas polas obras, non dan para cubrir os gastos de arranxo do vial, e non estamos dicindo que non se lle pidan maiores fianzas ás empresas, e si decimos:

Primeiro; que o Concello se tome isto en serio. Segundo; que se elabore o documento. Terceiro que co documento n aman haberá unha parte que terá que pagar a institución Municipal por suposto superior ós 95000 € e votando contas esto sería superior ó millón de euros, non estamos a dicir que se meta un expediente de modificación de crédito dun millón de euros pero si metemos 50000 ou 100000 en lugar dos 95000 que temos estaríamos falando doutra actuación e se o ano que ven o vindeiro wano nos tomemos isto máis en serie abrimos unha partida e unha vez aberta a partida lle vamos collendo cartos a outro tipo de administracións, e me parece que o voceiro do PP decía claro que hai que facer outras cousas pero tamén hai que facer isto, entón eu neste debate entre que é prioritario, o é todo, unha vía municipal é competencia municipal e ten que mantela en condicións e o Concello non está cumprindo coa cidadanía e establecemos un mecanismo, documento, actuación e compromiso económico e o diñeiro que veña de fora benvido sexa, pero pensar a estas alturas que o diñeiro para reparar viais nos vai vir de fora, eu penso que da última pare do Convenio de Medio Rural lle pudimos ter pedido outra actuación e non pasou por ningunha comisión que esos 50000 € que van para saneamento e abastecemento en Curmá Caamouco, puideron terse destinado aos viais.

Eu entendo que o saneamento é necesario pero tamén un documento co cal podemos mover. Pensamos que o que non hai que facer é non darlle voltas para que non saia a Moción do BNG e a proposta da Alcaldía non conduce a nada porque se nós puxeramos que se poñan cartos para facer todo dun día para outro mereceríamos que se votara en contra esta Moción e non mereceríamos voltar aquí a falar máis; a Moción é correcta dende o punto de vista político e dende a realidade no sentido que pon pasos e hai que ter a vontade política de facelo, e non é que aos dous días de por nós uns carteis andar con dous sacos e pinches rebacheando. Eu non traio aquí unha Moción para que bachee a rúa da Paz, eu traio unha Moción para planificar, e iso é outra cousa, non é ir cun caldeiro e aplanalo inda enriba para que se ría a xente dos operarios municipais. Se vostedes



queren facer un plan con vontade voten a favor e se o que queren é derlle voltas á noria sigan vostedes así.”

Intervén o Concelleiro Sr Luís Cendán: “eu simplemente volver a reiterarme e redundar máis no mesmo aspecto; eu en canto ao primeiro punto, o que é o plan está ben pero tería que ir acompañado duns proxectos técnicos, xa que dende a experiencia de goberno, as cousas non veñen dadas automaticamente e hai moitas inversións como a de Medio Rural, que veu do anterior Goberno da Xunta, sabedes que anulou por Resolución do novo goberno da Xunta, houbo que modificar o proxecto xa que o proxecto da Avda da Paz estaba dentro do proxecto de camiños e a nós se nos esixía se tiñamos un proxecto técnico e en tempo e forma se puideron presentar os proxectos, eu o que vexo que se queremos avanzar e como decía o voceiro do BNG se hai vontade política, no 1º punto, que vaian proxectos técnicos e que no vindeiro orzamento que vaia unha partida e na medida do posible facer un esforzo presupostario para que este plan vaia acompañado dos proxectos técnicos e sabemos que cos nosos recursos non se pode acometer, e hai que tirar doutras administracións.

E se tes proxectos podes encaixa-los; se temos o compromiso político de facer o plan do estado actual dos camiños pero acompañado no posible porque sabemos que facer isto ten un coste moi elevado, falar con ou coas empresas que fagan un estudo e que vaia acompañado na medida do posible con asfalto quente porque ademáis a diferenza no metro cuadrado do gasto, penso que hai pouca diferenza, para o que é a diferenza da rodadura dos camiños. Temos que tratar de que concretamente o caso que apuntaba o Alcalde, o Camiño de Pedrós, aos 15 días de arranxalo co riego asfáltico pois xa estaba destrozado co cal se hai un inverno no que chova moito cos coches e vehículos que non son das obras, tamén deterioran os camiños. Creo que a política a seguir é a que comento, tratar de facer o maior estudo de proxectos que sexamos capaces con cara á dispoñibilidade presupostaria do exercicio que ven e procurar que todos os camiños que se fagan que vaian en asfalto quente.

Entrar noutro tipo de matices non nos conducen a nada, creo que isto hai que miralo en clave positiva, a situación real é a que é, e coa contía e recursos propios do Concello pouco vamos avanzar neste sentido, pero polo menos temos que tratar de te-la base que son os proxectos técnicos.”

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular o Sr Manuel Cendán: “Bueno eu decir que en parte o Alcalde ten razón e que as 152 actuacións nas 152 vías públicas que temos, non veñen reflexadas aquí e por poñer a isto un pouco de humor e dado que o voceiro do BNG fixo uns carteis sobre este asunto moi bonitos e tiña máis datos suficientes sobre onde os puxo e máis realistas para decirnos os camiños que estaban mal; é certo que se podía cuantificar e vendo onde se puxeron os carteis. Con respecto ao punto de que o fixera unha enxeñería, precisamente claro que sí, ter aínda que sexa pois un traballo, aínda que non sexa aí ben visado nin nada, porque nestes camiños o tema de Medio Rural, con facer unha cousa un pouco sería pois van pasando e non fai falta un proxecto que especifique todo. Precisamente con este traballo feito podemos ir facendo cousas e nestas administracións nun ano, dous ou catro vamos encaixando camiños e o que non é real é encaixar 152, pero podemos facer outras cousas, ou plans de Deputación e invertilo completamente en isto, se hai o acordo político entre todos e a medio prazo darlle unha solución satisfactoria.”

Intervén o Sr.Alcalde-Presidente: “No que son os informes dos Servizos Técnicos Municipais, en atención a o que dende o punto de vista técnico se pode considerar mal ben ou regular, un arquitecto técnico do Concello pois fixo unha valoración para a reparación de camiños que a nós nos ten que servir de guía complementando con outros estudos, porque temos o persoal que temos e ese persoal efectivamente ten que limpar as rúas, e mantelas en circunstancias saudables e nos dependemos para facer moitos traballos dos Plans de Cooperación de outras Consellerías e a



Deputación, é notorio que nós ata fai 2 semanas tiñamos 5 persoas para barrer, limpar e facer reparacións e evidentemente co Plan de Cooperación se incorporou unha cuadrilla que paga a Consellería Traballo e mediante a Deputación, dous cuadrillas máis que están facendo desbroces e demáis. Entón nós facemos por desgracia, os trabllos non cando eu quixera, nin vostede quixera, senón cando podemos, pois coas novas contratacións se compraron 7 tm de asfalto e se fai o que se pode, ben ou mal, se fas porque fas e se non fas porque non fas, e ten que ser coa xente que temos, e efectivamente cando veu o novo persoal e parou de chover (porque por desgracia estas choivas dunha semana sí outyras non nos pararon o plan de tráfico, os desbroces e o rebacheo), e as cousas son como son.

En calquera caso efectivamente a situación e a vontade é facer o que nos corresponde e dende o punto de vista técnico os camiños que están mal son os seguinte: En Chanteiro, Monteiro-Pedrachá, Cucheiro-A Rega, baixada á praia, en Cervás, Cervás-Montefaro-Louseira, Sandes a Pena, en Barracido, CP Barracido a CP Ixobre CP Malata, é decir nun ámbito moi amplo, hai 9 viais se é certo o que dí vostede que hai 81, non sei onde están os outros 73, no casco urbán de Ares hai algún, 73 non; entón independentemente de que vostede xustifique a súa Moción, iso non é importante, o que pasa é que os voceiros dos grupos deciden se poden asumir ou non e na dialéctica está op de poder argumentar ou discrepar do que vostede dí aquí; hai un cruce de datos que non son obxectivos, e non os adxuntou de habelos, e en canto aos acordos todos os grupos se van adoptalos teñen a posibilidade de adoptalos ou non ou propoñer tódolos grupos, entón podemos aprobalo por unanimidade que é o que se está tentando conseguir e no punto nº 1, se dí que participe unha enxeñería, que se van gastar cartos é certo, pero non é en balde e ese traballo queda feito sempre se comeza por un primeiro documento, está claro que efectivamente todos os proxectos son externalizados ningún arquitecto municipal fai un proxecto para reparar un vial.

No punto 2 non se obxecta nada, no punto 3 do acordo, ninguén dí que o Concello non vai facer aportación Municipal, en Redes, para intervir en dous rúas, na do Medio e a de Arriba, o Concello aporta 100.000 €e a Consellería 200.000€ o Concello aporta un tercio, que está claro que o Concello sempre aporta, pero vostede dí que se dote economicamente esta actuación con carácter prioritario e tramitar un expediente de modificación de crédito para atender no presente exercicio unha primeira fase da mesma, e eu lle digo, coa colaboración doutras administracións, e por qué vamos renunciar a priori un convenio coa Consellería de Medio Rural, e esta Consellería xa sabe o que nos vai dar a Ares porque obxectivou as necesidades dos Concellos porque é unha Consellería transparente, hai axudas para Concellos do PP, do BNG e do PSOE, a Deputación tamén ten obxectivados as necesidades dos Concellos e sabemos que tamén nos vai tocar algo; outras Consellerías como a de Presidencia vai facer as rúas de Redes, aportando 200.000 €e a Consellería de Política Territorial, tamén está aportando, fixo Coitelada e tamén rematará a praza da Igrexa.

O único que se dí é vinculemos neste esforzo a outras administracións que teñen competencias nesta materia e xa está, cun cambio no nº 1, onde se fale de facer un proxecto unha enxeñería, e se lle de satisfacción aos demáis grupos, e cun cambio no punto nº 3 onde se fale da Xunta e se fale da Deputación está Moción se aproba por unanimidade, e eu creo que vostede mesmo, acaba de aceptar que teñen que colaborar outras administracións, o Concello tamén, quere intervir.”

Ten a Palabra o voceiro do BNG O Sr Rodríguez Doval: “Leo textualmente, o parágrafo dí creo que por estar en galego non se entenderá nin mellor nin peor, se entenderá; ademáis deste progresivo deterioro (refírese aos viais municipais) dada conta tamén dun informe elaborado hai poucos anos pola Deputación de A Coruña en colaboración coa Universidade, que podemos considerar en vigor á vista do pouco que se ten feito, esta é unha apreciación nosa, o informe da Universidade non é unha apreciación, por certo o Informe está no Concello, busquen vostedes, é un tocho así, que analiza tódalas redes con planos, é decir que se vostedes llo dan ata a propia Comisión de Urbanismo, nós seríamos capaces de facer este Plan, tomando como base o Informe



que fixo a Deputación coa Universidade e se o fixo en colaboración coa Deputación algún interese tería.

Nós o que estamos decindo que os camiños están igual ou peor e estamos constatando que hai un informe, é unha realidade para os que vivimos aquí, nos non estivemos gobernando nestes últimos anos e non entramos na crítica política e detectamos que dese informe pouco se correxíu e nalgúns sitios pode estar peor a situación, dada a climatoloxía se non invirtes nun camiño dende o ano 1998 estará peor, entón por favor, acótese a fase de exposición de motivos ao que é , que é un problema que temos sobre a mesa, e eu me brindo a pasarlle a tódolos gerupos unha copia do informe que está no Concello, son 2 tochos cos camiños da Provincia de A Coruña, son dous tochos, e eu lles vou pasar no referente a Ares o que hai, supoño que a Deputación de A Coruña e a USC merezan o noso criterio de racionalidade, e eu non quero entrar na historia de que hai 8 ou 10, hai unha rede viaria deteriorada e non se está facendo esforzo económico para correxir, o Alcalde dí se fai o que pode, e a política comeza a funcionar cando se intenta facer o que se debe, nós queremos que se intente facer o que se debe e entón contreto que nós somos favorables, hai unha certa contradicción no tema do Servicios Técnicos e ao mesmo tempo o Alcalde que nos di que non valen para facer este informe, me está lendo un informe deles, a nós danos igual se quere que esto se lle encargue a unha consultoría, non hai problema ningún.

Entón quedaría, no punto nº 1.- que por parte dos servicios técnicos municipais –ou no seu defecto por imposibilidade por parte dunha Consultoría externa,- se proceda a alaboración dun informe sobre a situación da rede viaria municipal ben no caso de vías urbanas ou dos camiños dos núcleos rurais. No punto nº 2- aquí introducimos tamén unha modificación e parécenos correcto aínda que nós o desprendíamos, cando falabamos de plan urxente de actuación, se entende que ten que ser cos proxectos técnicos correspondentes, habería que engadir isto dos proxectos técnicos. Punto nº 3, Que co obxceto de dotar economicamente esta actuación con carácter prioritario se proceda a tramitar o oportuno expediente de modificación de créditos para atender no presente exercicio unha primeira fase do mesmo; procurando ao mesmo tempo ou paralelamente a colaboración doutras administracións na elaboración deste Plan.

Ahí o deixaríamos nós e se recolle de xeito claro o que se falou aquí e se vale para que a resposta sexa unánime, para nós a guerra non é que fagan isto os servizo técnicos ou unha consultoría, senón que é un plan que o Concello ten que facer.”

Intervén o Sr Manuel Cendán: “Manolo é obvio que os técnicos son arquitectos técnicos e non enxeñeiros e sería mellor un enxeñeiro que entende máis, eles poden facer unha valoración e punto, pero como ten que ir o camiño ten que ser un enxeñeiro.”

Intervén o Sr Rodríguez Doval “Eu creo que isto queda recollido, o de poñer ou no seu defecto, unha enxeñería, se hai imposibilidade dos servicios técnicos, servicios externos e punto, queda recollido, o importante é que se faga ¿Si vale?

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, e o Sr Manuel Cendán: “A nós nos vale.”

Toma a palabra o Sr Luís Cendán: “Por decir algo, que si no punto 3 que dí que a modificación de crédito, decir que máis que á reparación do camiño, que vaia á redacción do proxecto ou memoria e eses fondos deben ir destinados á memoria.”

Intervén o Sr Rodríguez Doval: “se a 1ª fase é a redacción do proxecto, pois sí.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Non, a 1ª fase sería detectar cales camiños merecen a redacción dun proxecto e non vamos facer proxectos de cada camiño de entrada, e sí é a 1ª fase que se elabore un informe da situación actual por parte de Técnicos ou consultoría e sentarnos, como facemos sempre, no POS ¿qué metemos? Para ver si nun convenio futuro con Medio Rural ¿Qué metemos?, fai meses falamos aquí da urxencia do saneamento e veu o POS e todos acordamos meter o saneamento, esa é a maneira de proceder. Vamos elaborar un informe da situación actual e



ver qué metemos 1º, e despois ven o POS, ven o Convenio, haberá que decidir qué camiños metemos antes de cal, e logo desá decisión concreta contratamos os proxectos técnicos do que vaiamos facer.

Entendo que ese informe dos Técnicos ou Enxeñería é para ver a situación actual da rede viaria e á vista del, se elabore un plan de actuación sobre prioridades e con urxencia e haberá que determinar qué é o máis urxente e logo para dotar economicamente esta actuación, se é necesario tramitar o oportuno expediente de modificación de crédito se fará porque tamén haberá colaboracións doutras administracións que nos paguen integramente unha rúa e sen aportación municipal, para outras sí como o tema de Redes, que son 100.000 €e nese sentido a mín me vale pero todos somos conscientes de atallar un camiño antes doutros a vamos adoptar a decisión entre todos. De acordo, procedemos á votación con estes matices que sinalou o voceiro do BNG e eu mesmo e que todos vamos decidir qué camiño vai antes que outro, eso se decidirá por maioría, e irá aos POS, aos Convenios e ás arcas municipais no que teña que ir.

Sometida á votación dos acordos 1, 2, 3 e 4, cos matices que acabamos de engadir. O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte e previo o paso do punto de Rogos e Preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente preguntase ós Portavoces se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urgencia. Non presentándose ningunha.

Punto núm. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que en primeiro lugar máis que un rogo é un recordatorio, que o outro día no Pleno, polo tema dos Consellos de Cultura e Deportes, eu recordaba que ese regulamento fora xa aprobado no seu día, foi aprobado o 4 de febreiro de 1988 sendo Alcalde Manuel Rodríguez oval, no ano 1991, foron convocadas dous Comisións para elaborar os Consellos e ademáis foi co dictame favorable da Comisión Informativa e eso xa existe, está na Acta e hai Consellos escolares aprobados. Era para recordar.

Logo en canto ao tema de rogos e preguntas quería facer as seguintes. Primeiro é un rogo, estos días todos os que andamos pola rúa o vemos, que con motivo da obra da praza da Igrexa se ubicaron uns árbores al lado da mesma e creo que dende o punto de vista estético e da seguridade do edificio non é o máis oportuno, hai que consideralo e chamar ao Director da Obra, que recapacite porque están moi pegados os árbores e enraizan bastante e poden dar no futuro problemas. Este tema o hai que estudar e tratar de solucionar-lo no posible. En canto á outra pregunta xa feita varias veces é o tema da piscina municipal porque sí vimos que andiveron os de Fenosa cambiando o cableado pero outro tipo de actividade alí, na finca non o vexo e era para ver en qué estado está esto a día de hoxe.

E outro tema é sobre a situación do cento de saúde e as obras da antiga casa do Concello e non sei para cando está previsto o traslado nin si a obra está xa adxudicada ou o proxecto aprobado.

E outro tema era o dos parques eólicos singulares que viñeron aprobados parece ser segundo os diarios dos últimos días, e a ver en qué fase está o parque eólico de Ares a día de hoxe, esas son as miñas preguntas.”

Ten a palabra o voceiro de BNG o Sr Rodríguez Doval: “1º era un rogo creo que expresando o que pensamos varios compañeiros/as e que levamos un ano de nova corporación e queremos que quede recollido no Pleno porque un ano é un periodo moi longo para non darlle



cumplimento a unha cuestión para nós básica, como é o caso da puntualidade nas reunións, aquí hai persoas que non so teñen obrigas municipais e teñen que facer compatible a asistencia as comisións informativas nas mañás e logo cumprir con outros compromisos de carácter persoal ou laboral, polo tanto cando se nos convoca a unha reunión, e falo do meu caso, me teño que trasladar de onde estou para aquí, e o mínimo que se pode pedir é que se cumpran os horarios das Comisións; hoxe tivemos unha mesa de contratación que comezou con corenta minutos de retraso, e esa media non é a media de tódalas reunións, pero sí hai unha media de 10 15 minutos e nós pensamos que non pode ser así por respecto á persoa que a convoca e ao resto das persoas, e dígolle isto ao Alcalde porque él preside tódalas comisións e se él non está, non podemos comezar.

En segundo lugar, un rogo, supoño co gabinete de prensa do Concello de Ares depende da Alcaldía, se é así, quixéramos facer unha referencia como grupo político 1º á forma na que saen algunhas informacións e a forma en que non saen algunhas informacións, e levo vendo dende que funciona a web do Concello que no Pleno lévanse aprobado varias Mocións propostas polo BNG e na web non vexo mención a ningunha delas, para dar conta de que se aprobou, xa non pido que se recolla que se a persoa que cubre o debate plenario, podía poñer un antecedente de que quen ven aquí propón cousas, é un rogo para que se modifique a utilización que se está a facer do gabinete de prensa, puntualizando que nós non temos nada en contra da persoa que está a desenvolver este traballo, pero vendo que é a Alcaldía a que marca os criterios que se están a seguir, e o último e que a información que sae do tema dos Consellos Municipais, porque xa é alucinante que a nós nos digan que non ten que ser un consello municipal senón un padroado, e que a noticia que sae na prensa e que se pon en marcha un padroado parece que por arte de birli birloque e que todos os grupos puxeron as súas propostas enriba da mesa.

Eso é falso. 1º porque aquí se nos dixo que non tiña que ser padroado, senón consello, e de que eu saiba, na comisión de Cultura enriba da mesa a única proposta foi do BNG, está moi ben a propaganda pero hai que manexar as cousas doutra maneira, a web non é dun grupo de goberno, pois entón poñámonos os dous ao mesmo nivel, eu xa teño a miña web a do BNG, e vostede ten a do Concello, non a do PSOE, non quero guerras coas persoas que fan os traballos e que non se manipule a información porque onde era padroado, agora consello e todos os grupos presentaron non, presentou só o BNG e non se dixo.

Continúo, saneamento integral aquí no último pleno a raíz dun acordo plenario que tomamos, hai agora 2 meses, que propoñía dar pasos para correxir procurando que non se frenase e acelerar esa obra tan importante, no último pleno fíxose unha pregunta, se nos dixo que estaba a punto de concretarse as modificacións no proxecto, onte viña unha noticia, non digo alarmista, pero sí pon dúbidas do incumprimento dos prazos por parte da administración autonómica e en concreto son dous preguntas: 1ª.- cómo está a licitación das obras e 2º que máis nos interesa a nós, cómo está o tema da modificación do proxecto cando vamos ver o que se modificou e cando poderemos facer os deberes de informa-la cidadanía e poder decirlles que se recolleron as cuestións aquí faladas.

Outra pregunta é si se vai facer un adecentamento do que se denomina parque de Redes, que agora é unha parcela e de momento non se vai facer nada por Costas pero a información que teño é que aquilo está en estado lamentable, hai que limpallo, e basta que veña bon tempo, estamos a finais de xuño está vindo moita xente á zona de Redes e canto memos facer unha actuación para que se poda entrar e que non pareza aquilo unha pequena selva e a última pregunta é, nós o 19 de maio presentamos un escrito al Alcalde recordándolle que temos un acordo plenario do 30 de agosto do 2007, hai 10 meses no que se acordaba, proceder con carácter urxente antes da aprobación dos ornamentos do ano 2008 (esto se retirara) e proceder á elaboración dunha RPT na que baixo as premisas de racionalización, economía e eficacia se leve a cabo a racionalización dos recursos humanos que ven sexa con carácter laboral ou funcionario figuren como contratados pola



administración municipal. Ben e vou ao que nos ocupa, o día 19 de maio nós, rexistramos un escrito no que se poñía sobre o tapete a posibilidade de que ese traballo se trasladara a través dun mecanismo que aprobou a Deputación de A Coruña nunha convocatoria que quitou o 12 de maio na que se establece unha posibilidade de apoio aos Concellos de menos de 20.000 habitantes e que non dispoñan de RPT, e en principio polo tanto entraría o noso Concello ahí, para que se lles faga unha achegga económica para elaborar este documento, queríamos saber se o Alcalde recibiu ese documento noso, e si se fixo a petición porque había 15 días e nós non sabemos, en todo caso se non se fixo esta solicitude se hai outro mecanismo que se teña previsto para a elaboración urxente da RPT porque e rematou xa, levamos un ano de novo goberno municipal e a este tema non se lle mete o dente.”

Ten a palabra o voceiro do PP o Sr Manuel Cendán: “Bueno, eu xa para facer un rogo, porque tódalas preguntas que iamos facer xa se tocaron, e o rogo é que o Grupo Maioritario da Corporación está de comparsa e rogo que a partir do Pleno de hoxe, o primeiro que ten que intervir somos nós, porque senón non vamos repetir as mesmas preguntas.”

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente para dicir que “Ven no regulamento que primeiro interveñen os máis pequenos”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán para dicir que: “cree que non que habería que cambialo”.

Intervén o Concelleiro Sr Rodríguez Doval: “O regulamento o aprobaron eles en solitario”

Intervén de novo o Sr. Alcalde-Presidente para dicir que “Ven no regulamento que primeiro interveñen os máis pequenos, non sei quen aprobou este regulamento, e eu moitas veces lle dou a palabra ao BNG primeiro saltándome ao NAL, e non é así”

Intervén o Sr Manuel Cendán: “agora que xa se seleccionou ao persoal das praias, e que a ver se se arranxa porque o acceso á praia de Seselle se está a cerrar e hai que facelo a man, hai que mandar un par de homes, na baixada dende o Castro e está pechado. Logo temos o tema da EDAR que xa o preguntou o BNG e outro rogo é que segue sen estar, se colgaron os Plenos na Web e queda o do 26 de xullo do 2007 sen colgar.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente: “vou tentar contestar na medida do posible a todas as cuestións plantexadas, as árbores da praza da Igrexa teóricamente, creo que é unha esixencia do proxecto entón nese proxecto van esas árbores e conforme ao mesmo, nós estamos facendo unha modificación para que esos carballos vaian ao parque Rosalía de Castro e plantar olivos, entón eses carballos non van dar problemas, pero no proxecto estaba así e todos sabéis que ese proxecto está redactado e nós o único que fixemos foi tramitalo ante patrimonio porque puxo impedimentos e dalgún xeito, cando plantan carballos con catro anos, ahí caímos na conta que en 5 anos perto da igrexa, e así van para o parque Rosalía e ahí se plantan olivos. Non os quitamos agora porque comeza a tempada de vran no Parque e non queremos que os rompan, son árbores caros e os rompen en dous días. Vaise esperar a setembro porque veñen os olivos en setembro e xa están encargados, e entón para ahí van os olivos.

O centro de saúde a Consellería de Sanidade está redactando o anteprojecto, salvo a licitación do proxecto, se faría nesta fase de logo do verán para licitar en xaneiro e comezar as obras, entón a Consellería, na última reunión cos técnicos por desgracia, non teñen moi claro que o Concello vello sirva para centro suplente mentras se executa a obra. Uns técnicos din que sí outros que non e entón están batallando que eso sirva aínda que non o ven claro ou usar outra ubicación,



facéndose eles cargo das obras, están barando as posibilidades que hai e se efectivamente sexa no Concello vello ou nas Escolas do Lago co que eles se farían cargo da obra e así as rehabilitarían a no las deixarían novas e así serviría para que o grupo municipal faga unha reorganización dos locais e sabemos que a situación das escolas do Lago non é boa.- a decisión é de sanidade se serve o Concello vello o unhas Escolas do Lago, non hai outra cousa entón eles decidirán onde provisionalmente se vai prestar o servizo durante a obra. Eles ao Concello vello lle poñen problemas polos espazos reducidos, pero ó mellor nos dín que sí, que serve, pero é certo que nos pideron outros locais e lles ensinamos as escolas do Lago e viron que era máis accesible se evita o do ascensor e con espazos máis amplos, e que eles farían o proxecto, pediron licencia e a adecuación quedaría para nós. Cos eólicos pasa algo parecido, temos nós tres megawatios e dalgún xeito é unha situación moi complicada a xestión deste é moi complicada porque estamos nunha fase de completar o proxecto e eso nos desborda e a enxeñería Lembus que redactou o proxecto e se vai facer cargo deste tema e desborda aos Servizos Técnicos Municipais e a mín tamén e non sei nin qué facer cando vou a reunións e sacan aspectos técnicos. Se está completando a documentación que pide industria, se chamou a Lembus e se lles vai a externalizar porque nós non podemos e falei con varios Concellos e moitos os están facendo así, son empresas as que asumen completar documentación, estamos nunha fase onde todo é moi especializado; hai un parón impresionante, na Xunta de Galicia, e ademáis toda a normativa que regulariza estes temas está impugnada ante a Xurisdicción Contencioso Administrativa, é un tema moi complexo, vamos seguir coa tramitación pero cun asesoramento técnico.

En canto ao tema do horario, eu son consciente de que eu son unha desas persoas que Manolo dixo que non teño adicación exclusiva política e teño outras responsabilidades, aquí se espera por todos, unhas veces espero eu outras por mín, son consciente de que se espera por mín, e se producen as queixas cando se espera por mín, por outros non se producen queixas, o que sí digo é que cando hai unha comisión fixada algúns Concelleiros veñen de fora para esa hora e eu estou atendendo a alguen, atendendo unha chamada... e teño que deixar de facer o que estou facendo para incorporarme, e isto una Alcaldía facendo xestións e non podo decirlle a unha persoa cortante porque teño unha Comisión. Me doe que sexa precisamente cando falto eu cando se produzan as queixas, hoxe efectivamente foi unha situación de estas que pasan, e que non o tiña na axenda e nestes momentos con todo no que estou inmerso o que non está na axenda non existe, non teño cabeza para saber onde teño que estar, hoxe me erguín e vin que a primeira reunión era ás 9:30, saín de casa ás 9:25, esperaron por mín, como outras veces se espera por outros, me doe que se faga cando me pasa a mín, ninguén se queixa pero se quere evidenciar que o Alcalde chega tarde pois ben, Manolo eu non teño adicación exclusiva á Alcaldía e por desgracia ás veces se me vai á cabeza e como se lle vai a todo o mundo ou case a todo o mundo, eu son dos que ás veces se esquecen e cando hai que esperar por outros non me queixo, porque intento tratar aos demais como quero que me traten a mín.

No referente ó tema da prensa non podemos obviar que a persoa contratada para a prensa é un persoal da miña confianza, cando veña outro Alcalde meterá ao seu, e eu meto ao meu, é unha persoa de confianza, e fai o seu traballo baixo a miña supervisión e todo o que vostede fai nos plenos vai íntegramente á páxina web, e o que quera saber as Mocións que se aproban ahí están na acta do Pleno. Na web está a Acta do Pleno, e ahí se ve todo, eu non defendo as miñas Mocións nin as de ninguén, só se saca nota de prensa do acordo plenario, e o que se aproba co voto de todos deixa de ser noso para ser do conxunto, esa patrimonialización das propostas xa deixa de ser dun, e pasa a ser da Corporación, pasa a ser un acordo Plenario e deixa de ser algo patrimonial de cada un. Vostede (dirixíndose ao voceiro do BNG) tamén puntualiza e a min me corta cando puntualizo e o mínimo que podo facer é o mesmo, a persoa da miña confianza como tal actúa, todo o que se acorda aquí vai á web de xeito imparcial, aprobadas por nós e sde xeito obxectivo e a persoa de confianza



que leva a prensa no meu gabinete, fai as noticias como o Alcalde lle supervisa, entón como tal está configurado. Non é unha persoa obxectiva, esa persoa de confianza cando eu marche se vai connigo, vostede que está neste mundo e coñece os gabinetes de prensa das consellerías, sabe cómo vai isto e cando eu me reúno en Vicepresidencia, vostede sabe que Vicepresidencia non fai a nota de prensa que eu Quero, fan a nota que queren eles porque forma parte do seu gabinete, e asino os convenios cómo e cando queren eles e coa prensa diante que queren eles e logo cunha nota que fan eles e iso é así en tódolos gabinetes; o servizo de prensa de cada un traballa como se traballa en Ares.

O do padroado é un problema de léxico, non recordo eu esa nota de prensa, se se lle chamou ao Consello padroado, foi un erro, non se lle deu esa transcendencia e á realidade á que nos referimos é a mesma, nós queremos abrir á participación cidadá o ámbito da cultura ou mesmo do deporte a través da incorporación das entidades a unha mesa na que se lles poda escoltar. Ese é o fondo da nota de prensa, e se se lle chamou padroado en vez de consello por un de léxico, porque dende logo nós somos completamente conscentes de que como se estivo mirando ó do patriado é moito máis engoroso que o de Consello, así que creeme, non sei porqué aparece con esa denominación.

No do saneamento integral as miñas últimas noticias, eu onte entrevisteime co Consellerio de Medio Ambiente por este tema e as miñas últimas noticias son que este mércores se adjudica, teño entendido que este mércores adjudican a obra, licitan 17 empresas e a adxudicataria terá que facer o proxecto definitivo, nós nos comprometimos a facer un, que aportó Proyfe, e xa está no noso poder, e o compromiso é darllo a coñecer aos veciños e levalo a comisión. “

Intervén o Sr Rodríguez Doval, voceiro do BNG, ¿Será ao revés? Primeiro haberá que levalo a Comisión e logo informar aos veciños.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non eso é como diga eu que son o Alcalde e poden levalo primeiro aos veciños e eu me reunín con veciños que non teñen menor dignidade que a súa, e vostede ten a obriga e o dereito de coñecelo nos órganos de goberno e os veciños que entraron no meu despacho e pediron para velo, e eu cando poda antendelos, sendo antes ou despois sí é certo que para explicar variantes técnicas es necesaria a presenza dun técnico de Proyfe e o dirán eles cando podan. Eu teño que darlles traslado disto a veciños cos que me comprometín no meu despacho e á Corporación porque é a tramitación.

O parque de Redes, eu non sei se está desbrozado, seguramente están desbrozando por alí e non sei se xa se fixo algunha actuación, se está desbrozando en Redes, Cervás, pero xa sabes que tiñamos 5 traballadores ata fai 10 días e gracias a eles podemos facer máis e efectivamente é cuestión de que capataz e persoal planifican o traballo e se fai o que sempre se fixo, eu non lle poden decidir ao capataz como ou cales rúas se fan antes o logo, xa que isto vai por datas e fan o que poden, gora son máis.

En canto á RPT existe o compromiso de proceder á redacción da RPT, e hai 2 posibilidades: contratar un equipo técnico pola Corporación e outra é facelo no marco das axudas da Deputación, que pon ao equipo técnico para asesorar; en Comisión de Goberno, decidiremos se tiramos pola nosa conta ou ben votamos mán da iniciativa da Deputación, que por suposto solicitamos e nos foi concedido, esa axuda nós a solicitamos e en comisión de goberno decidiremos entre o equipo da Universidade ou o que pon á nosa disposición a Deputación; a Deputación nos confirmou que somos un dos Concellos que pode facer uso desta axuda.

O tema da baixada de Seselle, Manuel, o mesmo, iremos canto antes e somos concientes de que haberá que mandar a desbrozar, eu mesmo baixei hai un mes, eso hai que facelo a man.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO,